



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 21 DE XUÑO DE 2024 NA QUE SE APROBAN AS BASES ESPECÍFICAS PARA O PROCEDIMENTO SELECTIVO DE PSICÓLOGO/A PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de xuño de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

*Visto que foi caducada por decreto da presidencia de data catro de xuño de dous mil vinte e catro (04/06/2024) a listaxe de emprego temporal de psicólogo/a polo que neste momento non existen efectivos que se poidan incorporar a prestar servizos; constatándose a necesidade de que a entidade cree unha nova listaxe para poder atender as posibles carencias nos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 -prorrogada para o ano 2024 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española- proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), **ACORDE:***

1º Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo temporal de psicólogo/a. Ditas bases complementarían ás bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP núm. 079, do 6 de abril de 2020 e na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 publicadas no BOP núm. 161, do 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público - RRHH - selección temporal.

2º Ordenar a publicación das presentes bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita."

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA A CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE PSICÓLOGO/A NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as Bases Xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) aprobadas na Xunta de

Goberno de 13.03.2020 (BOP núm. 079, do 06.04.2020), e corrección de erros aprobados na Xunta de Goberno de 10.07.2020 (BOP núm. 161, do 15.07. 2020).

2. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA

DENOMINACIÓN	GRUPO	SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓN
PSICÓLOGO/A	A	A1	Centros de Atención aos maiores da Provincia de Lugo así como as distintas Unidades Administrativas que requiran das ditas funcións especializadas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

3. COMETIDO FUNCIONAL

En canto ao contido funcional da praza/posto/emprego que se convoca será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo ou, se é o caso, na disposición que a substitúa.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoas que exerza a superioridade xerárquica.

4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO

Ademais do sinalado na base xeral 4, as persoas aspirantes deberán estar en posesión da seguinte titulación académica, de acordo co artigo 76 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

Grao ou licenciatura universitaria en psicoloxía.

5. DE GALEGO ESIXIDO: Celga 4

6. PROGRAMA

A) MATERIAS COMÚNS.

1.- A Constitución Española de 1978, principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno e a Administración Pública. O Poder Xudicial.

2.- A organización Territorial do Estado. Distribución constitucional de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. As competencias da comunidade autónoma de Galicia.

3.- Réxime Local Español. Principios constitucionais. Regulación xurídica. O Municipio. A organización municipal. Competencias municipais. A Provincia. Organización Provincial. Competencias provinciais.

4.- Dereito Administrativo. As fontes de dereito administrativo. A potestade regulamentaria na esfera local: ordenanzas, regulamentos e bandos.

5.- O procedemento administrativo común. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución. Recursos contra os actos administrativos.

6.- As persoas interesadas. Dereitos da cidadanía nas súas relación coas administración públicas. O acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos. Rexistros, comunicación e notificacións. A xestión electrónica dos procedementos. A protección de datos de carácter persoal. Principios informadores e dereitos das persoas en materia de protección de datos.

7.- Os contratos do sector público. Clases. Preparación, adxudicación e formalización. Execución e modificación. Extinción.

8.- As Facendas Locais. Os tributos locais. As Ordenanzas Fiscais: procedemento de elaboración e aprobación.

9.- O persoal ao servizo da administración local. Clases. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime de incompatibilidades. Réxime disciplinario.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS

1.- Marco legal dos servizos sociais: Constitución española, Estatuto de autonomía, a Lei de Bases de Réxime local e a Lei de Administración de Galicia. As Deputacións Provinciais e o seu papel na prestación de servizos sociais.

2.- Os centros de atención a persoas maiores da Deputación de Lugo: marco legal.

- 3.- Regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores na comunidade Autónoma de Galicia: requisitos mínimos de persoal e condicións técnicas. RUEPSS, rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia, etc.
- 4.- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. Dereitos sanitarios relacionados coa: integridade e intimidade da persoa; co acompañamento do/a paciente; coa autonomía de decisión; confidencialidade e información; coa documentación sanitaria. Dereitos relacionados coa prestación de servizos sanitarios por parte do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- 5.- A atención xerontolóxica centrada na persoa. Historia e proxecto de vida. O Plan de Atención Individual nos Centros de atención ás persoas maiores. A folia de ruta persoal.
- 6.- O rol do profesional de psicoloxía no modelo de atención centrada na persoa na atención e cuidados sociosanitarios. O papel no equipo de traballo multidisciplinar nun centro de atención a maiores.
- 7.- Bioética nos centros de atención a persoas maiores. Dereito á autodeterminación. Suxeición.
- 8.- Psicoxerontoloxía. O papel do/a psicólogo/a na vellez e nos centros xerontolóxicos.
- 9.- O proceso de envellecemento. Bases psicobiolóxicas do envellecemento normal e do envellecemento patolóxico. Cambios e aspectos biopsicosociais do envellecemento.
- 10.- Acontecementos vitais estresantes na vellez e cambios psicolóxicos. Prevención do envellecemento activo.
- 11.- Patoloxías físicas e psíquicas máis frecuentes nas persoas maiores.
- 12.- A depresión nas persoas maiores. Cambios cognitivos no envellecemento.
- 13.- Enfermidades neurodexenerativas. Avaliación e intervención neuropsicolóxica.
- 14.- Principais síndrome xerátricos no aspecto psicolóxico.
- 15.- A enfermidade de Alzhéimer. Desenvolvemento da enfermidade e intervención psicolóxica nas distintas fases.
- 16.- Principais trastornos psicopatolóxicos na vellez. Prevención abordaxe da ideación suicida.
- 17.- Vínculos afectivos e sexualidade nas persoas maiores. Violencia de xénero en persoas maiores.
- 18.- Protección das persoas maiores. Neglixencia, abuso e maltrato na vellez.
- 19.- Actuación ante distintos tipos de maltrato ás persoas maiores Factores e situacións de risco. Indicadores de maltrato. Sospeita e detección de maltrato.
- 20.- O edadismo e outras formas de maltrato na vellez.
- 21.- Recursos psicosociais, estrés e saúde. O estrés e as súas consecuencias nas persoas maiores. Estratexias de afrontamento e mecanismos explicativos.
- 22.- Obxectivos terapéuticos nos centros de atención a persoas maiores.
- 23.- A avaliación psicolóxica. Aspectos teóricos e prácticos. A análise funcional do comportamento. Os métodos de avaliación psicolóxica.
- 24.- Criterios diagnósticos sindrómicos de demencia. Diagnósticos diferenciais e desenvolvemento clínico.
- 25.- Diagnóstico e avaliación dos aspectos emocionais nas persoas maiores.
- 26.- Diagnóstico e avaliación dos aspectos condutuais nas persoas maiores.
- 27.- Diagnóstico e avaliación das capacidades cognitivas e funcionais nas persoas maiores.
- 28.- Deseño e implantación de programas psicoeducativos de prevención e promoción da saúde no eido dos centros de atención a persoas maiores.
- 29.- A intervención psicolóxica en situacións de crise. Factores desencadeantes. Prevención, modelos e técnicas de afrontamento
- 30.- Intervención psicolóxica baseada nas fortalezas da persoa maior, fronte ás debilidades.
- 31.- Técnicas psicolóxicas para afrontar e manexar os sentimentos.
- 32.- Programas de psicoestimulación cognitiva individual e grupal.
- 33.- Psicoloxía de grupos no traballo: axuda mutua e atención centrada na persoa. Psicoloxía de grupos na comunidade: o apoio social na intervención social e comunitaria.
- 34.- O papel das familias nos centros de atención a maiores dentro do modelo de atención centrada na persoa. Intervención psicolóxica coa familia para a aceptación e afrontamento da enfermidade.

35.- Deseño de actividades e posta en marcha de accións de formación e información ás familias usuarias e de formación continua ás persoas que integran os equipos de traballo do centro de persoas maiores.

36.- Dó e final da vida. Aspectos éticos, legais e apoio emocional no final da vida.

Lugo, 24 de xuño de 2024.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R.1931

Anuncios

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 21 DE XUÑO DE 2024 NA QUE SE APROBAN AS BASES ESPECÍFICAS PARA O PROCEDIMENTO SELECTIVO DE PEÓN/PEOA DE REPARACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de xuño de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

*Visto que, logo de efectuar consulta na Sección de Selección, Promoción e Carreira do Servizo de Recursos Humanos desta entidade, neste momento non existen efectivos que se poidan incorporar a prestar servizos na listaxe de emprego temporal de peón/peoa de reparación de vías provinciais, constatándose a necesidade de que a entidade amplíe a listaxe existente para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 -prorrogada para o exercicio 2024 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española, “Se a Lei de Orzamentos non se aprobase antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, consideraranse automaticamente prorrogados os Orzamentos do exercicio anterior ata a aprobación dos novos”, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), **ACORDE:***

1º Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo temporal de peón/peoa de reparación de vías provinciais. Ditas bases complementarían ás bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP núm. 079, do 6 de abril de 2020 e na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 publicadas no BOP núm. 161, do 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público – RRHH - selección temporal.

2º Ordenar a publicación das presentes bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA A AMPLIACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE PEÓN/PEOAS DE REPARACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS.

1. OBTENTO DAS BASES ESPECÍFICAS

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as Bases Xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) aprobadas na Xunta de Goberno de 13.03.2020 (BOP núm. 079, do 06.04.2020), corrección de erros aprobados na Xunta de Goberno de 10.07.2020 (BOP núm. 161, do 15.07.2020).

2. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA

DENOMINACIÓN	GRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓNS
PEÓN/PEOA DE REPARACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS	Agrupacións Profesionais	Ao Parque Móbil Provincial, ou ás distintas unidades administrativas que requiran das ditas funcións especializadas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

3. COMETIDO FUNCIONAL

En canto ao contido funcional da praza/posto/emprego que se convoca será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo ou, se é o caso, na disposición que a substitúa.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoas que exerza a superioridade xerárquica.

4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO

As persoas aspirantes deberán posuír os requisitos sinalados na base xeral 4, e non se require estar en posesión de ningunha titulación académica para ser admitido, de acordo co artigo 76 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

5. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: Celga 2**6. PROGRAMA****A) MATERIAS COMÚNS:**

Tema 1.- A Constitución Española. Principios Xerais. A provincia como entidade local. A Deputación de Lugo as súas competencias e organización.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS:

Tema 2.- Drenaxe. Cunetas ou gabias: materiais e execución. Drenaxes profundas: materiais e execución. Execución das obras en casos normais.

Tema 3.- Firmes e pavimentos. Capas granulares. Mesturas bituminosas. Composición, materiais, ensaios elementais e execución. Formigóns: características, composición e dosificación. Encofrados.

Tema 4.- Coñecementos xerais da maquinaria empregada na construción e conservación de estradas. Operacións de conservación ordinarias: descrición e tarefas. Atención de emerxencias. Viabilidade invernal. Limpeza de neve e tratamento antixeo.

Tema 5.- Principios xerais en materia de seguridade e saúde aplicables ás actuacións en estradas. Sinalización de seguridade e saúde no lugar de traballo: cores de seguridade. Tipos de sinais. Sinalización, balizamento e defensas. Sinalización horizontal e vertical de estradas.

Lugo, 24 de xuño de 2024.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1932

*Anuncio***ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 21 DE XUÑO DE 2024 NA QUE SE APROBAN AS BASES ESPECÍFICAS PARA O PROCEDIMENTO SELECTIVO DE MAQUINISTA-CONDUTOR/A PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de xuño de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Visto que, logo de efectuar consulta na Sección de Selección, Promoción e Carreira do Servizo de Recursos Humanos desta entidade, neste momento non existen efectivos que se poidan incorporar a prestar servizos na listaxe de emprego temporal de maquinista-condutor/a, constatándose a necesidade de que a Entidade amplíe a listaxe existente para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 -prorrogada para o exercicio 2024 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española, "Se a Lei de Orzamentos non se aprobase antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, consideraranse automaticamente prorrogados os Orzamentos do exercicio anterior ata a aprobación dos novos", propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), **ACORDE:**

1º Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo temporal de maquinista-condutor/a. Ditas bases complementarían ás bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP núm. 079, do 6 de abril de 2020 e na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 publicadas no BOP núm. 161, do 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público - RRHH - selección temporal.

2º Ordenar a publicación das presentes bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita."

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA A AMPLIACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE MAQUINISTA-CONDUTOR/A.

1. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as Bases Xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) aprobadas na Xunta de Goberno de 13.03.2020 (BOP núm. 079, do 06.04.2020), e corrección de erros aprobados na Xunta de Goberno de 10.07.2020 (BOP núm. 161, do 15.07. 2020).

2. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA

DENOMINACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓNS
MAQUINISTA-CONDUTOR/A	GRUPO C - SUBGRUPO C2	As distintas unidades administrativas que requiran das ditas funcións especializadas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

3. COMETIDO FUNCIONAL

En canto ao contido funcional da praza/posto/emprego que se convoca será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo ou, se é o caso, na disposición que a substitúa.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoas que exerza a superioridade xerárquica.

4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO

4.1 Titulación académica.

Ademais do sinalado na base Xeral 4, as persoas aspirantes deberán estar en posesión da seguinte titulación académica, de acordo co artigo 76 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

Graduado Escolar, Graduado en ESO, Formación Profesional de primeiro grao ou equivalente.

4.2 Outros requisitos: permiso de conducción tipo A, B, C e C+E

5. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: Celga 3

6. PROGRAMA:

A) MATERIAS COMÚNS

1.- A Constitución Española. Principios Xerais. A provincia como entidade local. A Deputación de Lugo as súas competencias, organización e dependencias.

2.- A organización Territorial do Estado na Constitución Española de 1978. Os Estatutos de Autonomía con especial referencia ao Estatuto de Galicia.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS

3.- A lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial: disposicións xerais. Réxime competencial. Normas de comportamento na circulación.

4.- Sinalización. Tipo e significado das sinais de circulación e marcas viais e sinais nos vehículos.

5.- Chasis e carrozaría. Pintura. Motores. Clasificación dos motores atendendo a súa constitución e funcionamento. Técnicas de desmontaxe, verificación, reparación e montaxe de motores.

6.- Sistemas auxiliares de motor. Sistemas de admisión do aire. Sistemas de escape. Sistemas de alimentación do combustible. Elementos e compoñentes dos circuitos hidráulicos e pneumáticos.

7.- Sistemas de suspensión: tipos de suspensión, características, constitución e funcionamento, suspensión convencionais, pneumáticas e hidropneumáticas. Técnicas de desmontaxe, reparación e montaxe.

8.- Sistema de dirección: direccións convencionais, pneumáticas e hidráulicas. Control de axuste de eixe dianteiro e traseiro. Características de rodas e pneumáticos. Técnica de desmontaxe, reparación e montaxe.

9.- Sistemas de transmisión e freado. Transmisión de forza. Embrague e convertedores. Sistema de freos: hidráulicos, pneumáticos e eléctricos. O sistema de freos con ABS. Técnicas de desmontaxe, reparación e montaxe.

10.- Electricidade do automóbil. Sistemas de acendido. Alternador, batería, motor de arranque. Sistema de alumeado.

Lugo, 24 de xuño de 2024.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1933

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 21 DE XUÑO DE 2024 NA QUE SE APROBAN AS BASES ESPECÍFICAS PARA O PROCEDIMENTO SELECTIVO DE AUXILIAR PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de xuño de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Visto que, logo de efectuar consulta na Sección de Selección, Promoción e Carreira do Servizo de Recursos Humanos desta entidade, neste momento hai escaso persoal dispoñible na listaxe de emprego temporal de Auxiliar para ser chamado á prestación de servizos no caso de existir a necesidade de cubrir un/ha posto/praza de forma urxente, constatándose a necesidade de que a Entidade amplíe a listaxe de emprego temporal para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a mesma, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 -prorrogada para o ano 2024 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española- proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020),

ACORDE:

1º Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo temporal de auxiliar. Ditas bases complementarían ás bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP núm. 079, do 6 de abril de 2020 e na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 publicadas no BOP núm. 161, do 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público – RRHH - selección temporal.

2º Ordenar a publicación das presentes bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación ,sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA A AMPLIACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE AUXILIAR.

1.- OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as Bases Xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) aprobadas na Xunta de Goberno de 13.03.2020 (BOP núm. 079, do 06.04.2020), e corrección de erros aprobados na Xunta de Goberno de 10.07.2020 (BOP núm. 161, do 15.07. 2020).

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA

DENOMINACIÓN	GRUPO	SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓN
AUXILIAR	C	C2	As distintas unidades administrativas que requiran das ditas funcións especializadas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

3.- COMETIDO FUNCIONAL

En canto ao contido funcional da praza/posto/emprego que se convoca será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo ou, se é o caso, disposición que a substitúa.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou por postos que teñan atribuída a superioridade xerárquica.

4.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO

Ademais do sinalado na base xeral 4, as persoas aspirantes deberán estar en posesión da seguinte titulación académica, de acordo co artigo 76 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

Graduado/a en educación secundaria obligatoria ou equivalente.

5.- NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 4.

6.- PROGRAMA

A) MATERIAS COMÚNS.

1.- A Constitución Española de 1978: principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns. A Xefatura do Estado. As Cámaras Lexislativas: Congreso e Senado. O Goberno e a Administración Pública. O poder xudicial. O Tribunal Constitucional.

2.- A organización Territorial do Estado na Constitución Española de 1978. Os Estatutos de Autonomía con especial referencia ao Estatuto de Galicia.

3.- As fontes do Dereito Público. Principios de actuación das Administracións Públicas. O Réxime Local Español. Principios constitucionais. A Facenda Local na Constitución.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

1.- A provincia como entidade local. A Deputación de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020): Órganos de decisión colexiados e unipersoais e organización complementaria.

2.- Os actos administrativos: concepto, elementos e clases. Requisitos. Motivación. A eficacia dos actos administrativos. Notificación e publicación. Validez. A nulidade de pleno dereito e anulabilidade. Irregularidades non invalidantes. Conversión, conservación e convalidación.

3.- O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común. Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución.

4.- Acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Sede electrónica. Identificación e autenticación. Rexistros, comunicacións e notificacións electrónicas. A xestión electrónica dos procedementos.

5.- Os contratos administrativos. Concepto. Clases. A actividade subvencional das Administracións Públicas.

6.- Os bens das Entidades Locais. As Facendas Locais. Ordenanzas fiscais. Os impostos locais. Clases.

7.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos e deberes dos empregados públicos. As situacións administrativas. Incompatibilidades. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. Réxime disciplinario.

Lugo, 24 de xuño de 2024; O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1934

CONCELLOS**BALEIRA***Anuncio*

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira en data 24/06/2024 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes **ó 3º bimestre do 2024**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/07/2024 e 31/08/2024 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/07/2024. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento **(no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia)** e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 24 de xuño de 2024.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 1935

BECERREÁ*Anuncio***EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía de data 20/06/2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de Marzo de 2024 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 27/08/2024. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 25 de xuño de 2024.- Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1936

CASTRO DE REI*Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Aprobado por Decreto de Alcaldía de data 21 de xuño de 2024 o Padrón Tributario das taxas pola prestación dos servizos de Abastecemento de auga, Saneamento e Recollida de lixo e Canon da auga, correspondente ó 4º trimestre de 2023, exponse ó público durante o prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP, para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación e as liquidacións consignadas no referido Padrón contributivo e notificadas colectivamente perante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do Canon da auga, poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, o comprendido entre o 4 de xullo de 2023 e o 4 de setembro de 2024, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Ó resto seranlles enviados ó domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago en calquera das sucursais bancarias do Concello de Castro de Rei.

A falta de pagamento no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Castro de Rei, 21 de xuño de 2024.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 1937

CERVO

Anuncio

CONVOCATORIA DO PROCESO DE SELECCIÓN DE DOUS (2) TÉCNICOS DE XESTIÓN COMO FUNCIONARIOS INTERINOS POR EXCESO OU ACUMULACIÓN DE TAREFAS DO GRUPO A2, DURANTE NOVE MESES A XORNADA COMPLETA.

De conformidade co Decreto da Alcaldía 2024-0643, de data 25/06/2024, faise pública a convocatoria do proceso de selección de dous (2) técnicos de xestión como funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas do grupo A2, durante nove meses a xornada completa debido a un exceso e acumulación de tarefas de carácter excepcional e circunstancial no departamento de Secretaría do Concello de Cervo.

A convocatoria e as bases aprobadas están a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello de Cervo e na súa páxina web www.concellodecervo.com

